

CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE BOLSAS SANTANDER ESTUDOS AXUDA ECONÓMICA CURSO 2023/24

1. OBXECTO DAS BOLSAS

A Universidade da Coruña (UDC) e o Banco Santander convocan **nove bolsas** do Programa de bolsas Santander Estudos Axuda Económica 2023/2024 (en diante, o Programa) para a realización de estudos oficiais de grao ou máster na UDC, destinadas ao alumnado matriculado a tempo completo no curso académico 2023/24.

O obxectivo do Programa é facilitar o acceso á educación superior aos estudantes cos mellores expedientes académicos de calquera curso de grao ou máster e que recibisen unha bolsa de carácter xeral do Ministerio de Educación e Formación Profesional no curso académico 2022/23.

2. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a estas bolsas serán dun total de 9000 €, cofinanciados entre a UDC e o Banco Santander dentro do convenio xeral entre ambas entidades. Irán con cargo á aplicación orzamentaria 03.00.47.01.28 422D 480.00.
2. A contía bruta de cada bolsa será de 1000 €.
3. O pagamento efectuarase mediante transferencia á conta do Banco Santander indicada polo/a alumno/a na súa solicitude, da cal deberá ser titular, unha vez que manifeste a aceptación da bolsa a través da ligazón:

<https://app.becas-santander.com/es/program/becas-santander-ayuda-economica-2023-2024>

3. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode solicitar a bolsa o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado no curso 2023/24, a tempo completo, nalguna das titulacións oficiais de grao ou máster da UDC e ao corrente do pagamento dos prezos públicos.
- b) Ter concedida unha bolsa de carácter xeral do Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFP) no curso académico 2022/23.

- c) Estar inscrito previamente no Programa de bolsas Santander Axuda Económica a través da ligazón habilitada para o efecto:

<https://app.becas-santander.com/es/program/becas-santander-ayuda-economica-2023-2024>

- d) Dispor dun dos mellores expedientes académicos do curso 2022/23, segundo os criterios de selección establecidos pola UDC nesta convocatoria.

4. CRITERIOS DE SELECCIÓN

As bolsas adxudicaranse de acordo coa media do expediente académico das persoas solicitantes, aproximada con catro decimais.

No caso do estudiantado que accedese por primeira vez aos estudos universitarios de grao, considerarase a súa nota de acceso á universidade.

Para o resto do alumnado, terase en conta a nota media simple do expediente académico calculada segundo a Resolución do 15/09/2011 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG n.º 188, do 30/09/2011) ao remate do curso 2022/23.

Aplicaranse os seguintes coeficientes correctores: 1,17 cando a rama da titulación sexa enxeñaría e arquitectura, 1,11 cando a rama da titulación sexa ciencias e 1,05 se a rama é ciencias da saúde.

Para o alumnado de primeiro de máster matriculado por primeira vez no curso 2023/24, aplicaranse os coeficientes correctores correspondentes á titulación que lle deu acceso aos estudos de máster.

No caso de empate, aplicaranse os seguintes criterios: menor número de suspensos; se o empate persiste, maior número de matrículas de honra; e se o empate aínda persiste, maior número de sobresaíntes.

5. SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E PRAZO

O alumnado inscrito co correo electrónico da UDC no Programa a través da ligazón <https://app.becas-santander.com/es/program/becas-santander-ayuda-economica-2023-2024> que reúna os requisitos esixidos nesta convocatoria, deberá tramitar a solicitude, exclusivamente, a través do seguinte enderezo web:

https://www.udc.es/sape/bolsas_axudas_premios/bolsas-santander-ayuda-economica

O procedemento é integramente telemático.

Todas as persoas solicitantes deberán subir á aplicación:

- a) **o xustificante do pagamento dos prezos públicos de matrícula do curso 2023/24**
- b) **e a credencial de concesión da bolsa do MEFP no curso 2022/23**

No caso do alumnado de primeiro de máster que non cursase os estudos de grao na UDC, deberá subirse a certificación académica dos estudos que lle deron acceso ao máster.

Poderá requirírselle a exhibición da documentación orixinal.

O prazo de presentación das solicitudes estará aberto dende o día hábil seguinte ao da publicación desta convocatoria na Sede Electrónica da UDC ata as 23:00 h do 13 de novembro de 2023 (ambos incluídos).

6. INCOMPATIBILIDADES, OBRIGAS E INCUMPRIMENTO DAS PERSOAS BOLSEIRAS

A percepción da bolsa obxecto do Programa será compatible coa de calquera outro tipo de axuda de carácter asistencial á que poida acceder o/a estudante que sexa de natureza distinta, calquera que for a súa orixe, pública ou privada.

A persoa beneficiaria da bolsa debe manter a matrícula durante todo o curso académico 2023/24. En caso contrario, terá que devolver o importe da bolsa. A UDC será a encargada de lle adxudicar esta bolsa á seguinte persoa beneficiaria que cumpra cos requisitos necesarios para a súa obtención en idénticas condicións.

Non poderán ter a condición de beneficiarias as persoas en que conorra algunha das circunstancias sinaladas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

7. COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de Selección estará composta polas seguintes persoas:

- Presidenta: M^a José Lombardía Cortiña, vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade
- Secretaria: M^a Dolores Fernández Vázquez, xefa da Sección de Bolsas da UDC
- Vogal 1: Domingo Calvo Dopico, vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica
- Vogal 2: M^a Belén Vidal Seoane, xefa do Negociado III do Servizo de Estudantes da UDC
- Vogal 3: Gemma Rojo López, representante dos estudantes

A Comisión está facultada para resolver calquera dúbida relacionada con esta convocatoria.

8. RESOLUCIÓN E PUBLICACIÓN

Unha vez que remate o proceso de avaliación das solicitudes publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC (TEO) a listaxe provisional de persoas con bolsa concedida e denegada, neste último caso coa mención da causa da denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existir renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións e/ou a documentación necesaria para emendar erros no prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día hábil seguinte ao da publicación da resolución no TEO.

Unha vez revisadas as alegacións e a documentación pola Comisión de Selección, publicarase unha resolución que conterá a listaxe definitiva de persoas beneficiarias das bolsas, así como as denegadas e na listaxe de agarda.

As persoas adxudicatarias da bolsa deberán aceptala a través da ligazón:

<https://app.becas-santander.com/es/program/becas-santander-ayuda-economica-2023-2024>

No caso de se produciren renuncias neste período, os chamamentos faranse atendendo á listaxe de agarda.

9. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXP), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámolo/a de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico <secretariaxeral@udc.gal>.

A solicitude dunha bolsa ao abeiro desta convocatoria implica a aceptación do seu contido e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola UDC, de acordo coa LOPD e con fundamento nalgunha das bases previstas no artigo 6 do RXP, coa finalidade da correcta xestión das bolsas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprarán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén

terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:

- a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC, <<https://sede.udc.gal>>, no apartado Outros trámites.
- b) Mediante unha solicitude por escrito ao responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico <rpd@udc.gal>. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- c) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ben ao correo electrónico <dpd@udc.gal>. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada sede electrónica ou dos rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

A política de privacidade do Banco Santander pódese consultar no seguinte enderezo web:

www.becas-santander.com/es/legal/privacy

DISPOSICIÓN FINAL

Para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta convocatoria e os sucesivos actos do procedemento a que atinxe, cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicados no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

No lugar e data que se indica na sinatura dixital.

O reitor

Julio Ernesto Abalde Alonso